

ACTA DA REUNIÓN DA COMISIÓN DE ACCIÓN SOCIAL DO DÍA 28 DE NOVEMBRO DE 2025

(Aprobada na reunión da Comisión do día 21 de maio de 2026)

Hora de inicio: 12:00 h

Hora de remate: 13:00 h

Lugar: Sala de reunións do 2º andar do edificio Exeria - Xerencia

Membros:

Pola Universidade:

- Yolanda T. Lesmes Romero (Xerente)
- Noemí Sirera Diéguez (Vicexerente de Recursos Humanos)
- Antonia Melón Amor (Xefa do Servizo de Retribucións)
- Manuel Valebona Refojos (Secretario)

Pola Xunta de PTXAS:

- José Manuel García Eirín
- María del Carmen Álvarez Veleiro
- Pablo Álvarez Rodríguez
- *Patricia Sío Bacelo (Non asiste)*

Pola Xunta de PDI:

- María Montero Muñoz
- José Bienvenido Díez Ferrer
- Castor Muñoz Sobrino

Polos Comités de Empresa de PDI de Ourense e Pontevedra:

- Pedro González Santamaría
- *Nicolás Ramós Berdullas (Xustificou a súa ausencia)*

ORDE DO DÍA

1. Aprobación das actas das reunións do día 1 de abril e do día 27 de xuño de 2025.
2. Aprobación, se procede, da convocatoria de axudas do Fondo Social de 2023 (gastos de 2022).
3. Aprobación, se procede, da convocatoria de axudas para a devolución de taxas e prezos por matrícula do persoal da UVIGO para a realización estudos en titulacións oficiais en centros do Sistema Universitario de Galicia.
4. Rogos e preguntas.



1. Aprobación das actas das sesións anteriores.

A xerente inicia a reunión sometendo as actas das reunións dos días 01-04-2025 e 13-06-2025 á súa aprobación pola comisión. Non habendo ningunha observación, as actas quedan aprobadas por asentimento.

2. Aprobación da convocatoria de axudas de Acción social 2023 (gastos 2022).

A xerente, tendo en conta os compromisos da Xerencia e as datas nas que estamos, indica a necesidade de sacar adiante esta convocatoria de axudas e, por iso pregunta aos membros da comisión se hai algunha cuestión que haxa que tratar do borrador da convocatoria que se remitiu.

María Montero pregunta qué gastos forman parte da Acción Social e onde veñen recollidos. A xerente responde que os gastos que temos en acción social parten da negociación colectiva.

Antonia Melón indica que os tres conceptos que se poden considerar acción social son os que veñen derivados no artigo 19 da Lei de orzamentos xerais do Estado, que ten carácter básico, que son o complemento de IT, o Plan de pensións e o contrato de seguro de vida e por incapacidade.

Carmen Álvarez Veleiro propón a revisión do texto da convocatoria para facelo máis comprensible para os interesados. Ademais, considera que se deberían especificar mellor certos aspectos como, por exemplo, o apartado “tratamentos de saúde” porque non queda suficientemente claro que tratamentos están incluídos e cales non. Por exemplo, un traballador que lea na convocatoria «*Tratamentos derivados de trastornos alimentarios*» non sabe a que se refire exactamente. Di que hai universidades que na convocatoria inclúen unha táboa máis detallada de tratamentos.

A xefa do Servizo de Retribucións e Seguros sociais comenta que esas cuestións e melloras que propón Carmen deben ser elaboradas e aprobadas pola propia comisión.

A Xerente confirma a necesidade de facer esas propostas con tempo para que sexan aprobadas pola comisión. Se fose preciso facer cambios nesta convocatoria habería que concretalos e facer outra reunión para a súa aprobación.

Carmen expón outra dúbida sobre os ingresos dos ascendentes, que se toman conxuntamente, se xa se teñen en conta para o cálculo do nivel de renda. Non se entende ben que quere dicir.

A xefa do Servizo de Retribucións explica que son cousas diferentes; o nivel de renda da unidade familiar determina a porcentaxe de axuda que pode recibir o solicitante; e os ingresos conxuntos dos ascendentes se teñen en conta para determinar a dependencia económica ou non dun beneficiario maior de 70 anos co solicitante da axuda. Non obstante, se se quere dar outra redacción, a comisión debería elaborar unha proposta e sometela á súa aprobación.

Pablo Álvarez di que necesitamos sacar esta convocatoria pero que é necesario revisar o texto para seguinte. Non obstante, di que temos que resolver unha reclamación que hai pendente sobre unha solicitude denegada pola falta da sinatura do cónxuxe divorciado, e incorporar na convocatoria algunha aclaración ao respecto destas situacións.

O secretario da comisión aclara que non hai ningunha reclamación presentada en tempo e forma que estea pendente. Se a houbese se trasladaría á comisión para a súa resolución.



Pedro González pregunta como se calcula a renda familiar per capita no caso dunha unidade familiar na que existan menores en custodia compartida.

O secretario comenta que esta cuestión que plantexa Pedro xa se preguntou noutra reunión da comisión e non se tomara ningunha decisión ao respecto porque, como xa se dixera naquela ocasión, nunca se nos presentou esta situación. Ata agora, conforme está recollido na convocatoria, a renda per capita calcúlase segundo o certificado de convivencia que presenta a persoa que solicita as axudas e nunca tivemos reclamacións ao respecto. Se chegase unha reclamación sobre este tema ou sobre calquera outra situación que o Servizo de Retribucións non poida resolver aplicando as bases da convocatoria teríamos que sometelo á valoración por parte da comisión para que tome unha decisión.

Carmen propón que se tome nota desta situación para a redacción da próxima convocatoria.

A xerente agradece estas aportacións porque son interesantes para elaborar a próxima convocatoria, pero tamén di que calquera modificación debe ser coñecida por todos os membros para a súa aprobación.

María Montero di que para elaborar unha modificación substancial da convocatoria sería interesante dispoñer de datos estatísticos de convocatorias anteriores, número de solicitudes, número de beneficiarios, importe medio, para saber que queremos corrixir. Ademais, di que a convocatoria fai referencia ao artigo 56 do convenio colectivo de PAS, pero non se fai referencia ao artigo 55.1.

A xefa do Servizo de Retribucións explica a diferenza entre estes dous artigos. As axudas do Fondo de acción social nacen do artigo 56, onde se mencionan criterios económicos e cargas familiares. O artigo 55.1 fala da matrícula universitaria gratuita, sen criterios de renda.

A xerente di que neste momento sería mellor deixar todas estas cuestións para revisar con máis calma na seguinte convocatoria e pregunta se se aproba a publicación da convocatoria coa redacción actual.

Ao non haber máis comentarios, o borrador da convocatoria apróbase por asentimento.

3. Aprobación da convocatoria de axudas para a devolución de taxas e prezos por matrícula por persoal da UVIGO para a realización de estudos en titulacións oficiais en centros do Sistema Universitario de Galicia.

Neste punto a xerente explica que se presentan dúas convocatorias porque, por unha banda, a matrícula do persoal da Uvigo que se matricula na Uvigo se resolve directamente. Se se concede a exención, xa non se paga e pasa a ser unha retribución en especie e, se non se concede exención a persoa deberá pagar a súa matrícula.

Por outra banda está o suposto do persoal da Uvigo que se matricule na USC ou na UDC. A convocatoria está redactada para a devolución dos gastos reais que se xustifiquen, tendo en conta tanto a posibilidade de pagos fraccionados e/ou anulacións de matrícula. Polo tanto, haberá que esperar ata o mes de abril para a súa publicación e que as persoas interesadas podan presentar as solicitudes e a documentación no mes de maio.

Carmen detectou algún erro na redacción e tamén a falta de posibilidade de recurso.



O secretario indica que esta é a primeira vez que se vai a publicar esta convocatoria e, polo tanto, o texto non está rematado. E, tal e como di Carmen, haberá que revisar ben o texto para a súa aprobación.

A xerente di que poderíamos enviar o texto definitivo para que a comisión o aprobe no mes de abril.

A xefa do Servizo de Retribucións, tendo en conta que esta convocatoria a vai xestionar o seu servizo, quere deixar constancia de que non está xustificado subvencionar taxas de matrícula sen ter en conta o nivel de renda da unidade familiar do solicitante, xa que se estaría vulnerando o artigo 19 da Lei de orzamentos do Estado, que determina que se entende por acción social, que serían situacións persoais extraordinarias de necesidade.

Carmen está de acordo en que sendo acción social, que sae do fondo social, o espírito é que debe ser para quen máis o necesite.

A Xerente di que, efectivamente, o Estado ten axudas para o estudo para as familias con rendas baixas a través de programas de bolsas do Ministerio. Pero di que esta convocatoria ampárase nun dereito adquirido que ven do convenio colectivo e da negociación colectiva.

Pablo non está de acordo co que exposto pola xefa do Servizo de Retribucións. Di que estamos ante a negociación sindical de un colectivo que está publicada en el BOE que se debe respectar.

Carmen di que non ten coherencia que a convocatoria do Fondo de acción Social teña en conta a renda familiar e a convocatoria de axudas para a matrícula non. Pablo repite que o convenio colectivo, que ten rango de norma entre as partes, estipulouno así.

A Xerente di que esta situación se produciu no mes de xuño coa ruptura do acordo non escrito entre as universidades e agora mesmo as persoas afectadas teñen que saber que en abril imos sacar a convocatoria con estas características. Para o curso 2026-2027 temos tempo de renegociar o que sexa necesario.

A comisión acorda que se revise o texto da convocatoria e se volva a enviar un texto definitivo á comisión para ver se é validado por todos. Se os membros da comisión non presentan discrepancias o texto enviado quedará aprobado.

4. Rogos e preguntas.

Non habendo máis asuntos que tratar, dáse por rematada a reunión ás 13:00 horas.

